



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria - urxente que tivo lugar o día 17 de decembro de 2018 adoptou o seguinte acordo:

Número 2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente relativa á creación dunha zona ORA na parcela PR-10 do SUP-4 (Cornes) .

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 14 de decembro de 2018, do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia. Así mesmo, do informe da xefe do servizo de Mobilidade e Seguridade, da mesma data, e cuxo teor literal é o seguinte:

"O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 21 de xullo de 2016, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

"AMPLIACIÓN DE USOS NA PARCELA PR-10 DO SUP-4 (CONXO) .

Con data 5 de xullo de 2016 a xefa de Sección de Xestión urbanística emitiu o informe que a seguir se transcribe, ao que prestou a súa conformidade o secretario xeral do Pleno:

"O presente informe emítese a resultados da providencia do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, de data 28 de marzo de 2016, relativa á implantación dun aparcamento de superficie na parcela PR-10 do SUP-4 (Conxo).

Antecedentes

O Plan parcial de ordenación do sector de solo urbanizable programado nº 4 -aprobado definitivamente o 29 de decembro de 1995 e incorporado ao vixente Plan xeral a través da Disposición final 4ª - cualifica a parcela PR-10 como reserva de equipamento deportivo público.

O Pleno do Concello, mediante acordo adoptado o 29 de xullo de 2010, ao abeiro do previsto polo artigo 47.4 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia - daquela vixente- ampliou os usos dotacionais autorizables na

parcela, permitindo, ademais do deportivo, os seguintes: sanitario, asistencial, docente, sociocultural e administrativo.

A Xunta de goberno, mediante acordo adoptado o 15 de abril de 2011 -rectificado por outro de data 10 de outubro do mesmo ano- autorizou a cesión da parcela ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) con destino á construción dun Centro de Saúde, se ben neste intre está pendente a aceptación e formalización da cesión.

Proposta de implementación dun aparcamento de superficie

O Concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, mediante providencia asinada o 28 de marzo de 2016, resolveu "iniciar as actuacións para a tramitación da implementación dun aparcadoiro en superficie na parcela PR-10 do Plan parcial do SUP-4", co carácter de uso provisional ata tanto non se proceda polo SERGAS a construír o Centro de Saúde (expediente PTM/31/2016).

O aparcamento disuasorio ten o carácter de equipamento ou dotación ao servizo dunha alternativa de mobilidade eficiente e sostible, que facilita o intercambio modal (coche-transporte público) e minimiza o uso do transporte privado nos centros urbanos.

A vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG), no seu artigo 42.5, habilita ó Concello para acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, a través dun acordo plenario adoptado por maioría absoluta, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan. Trátase dunha norma flexibilizadora do uso das reservas de equipamento comunitario, que permite acomodar a súa concreta utilización ás necesidades que en cada momento demande o interese público. No mesmo senso, o artigo

42.2.b) da lei evita a enumeración taxada dos usos concretos do sistema de equipamento público, admitindo *"outros que sexan necesarios"*.

Con base no exposto, entendo que a implantación do uso de aparcamento de superficie na parcela resulta autorizable a través do procedemento que regula o artigo 42.5 da LSG."

Consta, así mesmo, no expediente proposta do concelleiro de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade de data 11 de xullo do corrente ano.

Rematado o debate, e de conformidade co Ditame da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos de data 14 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación, por 17 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e Partido Popular (8 CA e 9 PP), 3 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal Socialista e 2 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as

do grupo municipal do BNG, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda, ao abeiro do previsto polo artigo 42.5 da LSG, ampliar os usos permitidos polo Plan parcial do SUP-4 (Conxo) na reserva de equipamento R-10, a fin de autorizar, ademais do deportivo, sanitario, asistencial, docente, sociocultural e administrativo, o uso de aparcamento de superficie."

A Entidade TUSSA de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de outubro de 2018, acordou encomendar a TUSSA o estudo para a xestión directa das novas áreas de estacionamento que se están a construír na cidade de Santiago, en concreto o estudo para a xestión directa das áreas de estacionamento de Pontepedriña, Avda. de Ferrol e o aparcadoiro soterrado do Olvido; ase como outras áreas ou estacionamento que podían estar en estudio por parte do concello".

Derivado deste encargo a Entidade realiza un estudio económico sobre o rendemento do aparcamento da Avda. de Ferrol, durante os vindeiros 4 anos. Este prazo se establece en función de que a parcela dotacional con destino a centro de saúde podería ser edificada nese prazo.

O estudo se fai sobre a base de que estase a tratar da ordenación do aparcamento mediante o sistema ORA de longa duración, concluíndo que a recadación como servizo ORA sería dunha media anual de duns 25.000 € e os custes de 1.150 € (os datos concretos figuran no estudo que se anexa a este informe), polo que a xestión, dende un punto de vista técnico é rendible, o mesmo que dende o punto de vista económico, permitindo tanto á veciñanza da zona coma ó comercio de proximidade contar cunha área de aparcamento regulado, que asegure a rotación de vehículos e que permita a realización de trámites, compras e calesquera outras actividades.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes a Xunta de Goberno Local, previos os informes dos técnicos competentes e a proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico e Movilidade, podera:

a) Modificar, ben para unha zona concreta ante circunstancias especiais que así o xustifiquen, ou ben para totalas zonas delimitadas de aparcamento ORA no seu consunto, o horario, a delimitación das zonas, así como as vías e prazas situadas nos distintos sectores de estacionamento limitado.

e os estacionamentos, ou outras circunstancias de interese público.

c) Suprimir ou crear as prazas de estacionamento do sistema ORA para a mellor acomodación do viario os usos e tránsitos rodados e

peonís execución de obras en dominio público, traslado de contenedores de residuos, etc).

En consecuencia, á vista do exposto, proponse, ACORDAR a creación dunha zona ORA na parcela PR-10 DO SUP-4 (CONXO), da que resultaran un total de 70 prazas de aparcamento no réxime de longa duración, durante o prazo de 4 anos, que poderá prórrogarase ata que se proceda á edificación da parcela, executando o Centro de Saúde o que se atopa destinada.

A xestión desta área, do mesmo xeito que o resto do sistema ORA e aparcamento de Residentes se levará a cabo pola entidade TUSSA.

O acordo adoptado ó estar dirixido a unha pluralidade indeterminada de persoas procederase a publicar na web do Concello e no Taboleiro de Edictos do Concello de Santiago; ase como, en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 30/2015, de 1 de outubro."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar a creación dunha zona ORA na parcela PR-10 DO SUP-4 (CONXO), da que resultaran un total de 70 prazas de aparcamento no réxime de longa duración, durante o prazo de 4 anos, que poderá prórrogarase ata que se proceda á edificación da parcela, executando o Centro de Saúde o que se atopa destinada.

A xestión desta área, do mesmo xeito que o resto do sistema ORA e aparcamento de Residentes se levará a cabo pola entidade TUSSA.

Este acordo, ao estar dirixido a unha pluralidade indeterminada de persoas, procederase a publicar na web do Concello e no Taboleiro de Edictos do Concello de Santiago; en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo:Xan Xesús Duro Fernández